

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSOS: 1º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BACH, 2º BACH
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 02-05-2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSO: 1º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 02-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Dado que hai alumnos/as que non superaron a materia dun ou dos dous primeiros trimestres xa avaliados, abriuse un espazo na aula virtual para que, ata o 15 de xuño de 2020, poidan entregar os traballos obrigatorios da 1ª e da 2ª avaliacións que non entregaron no seu día. Unha vez entregados, obterase a nota media coa totalidade dos traballos de cada unha das avaliacións. Os criterios de valoración destes traballos serán:

- . A capacidade de comprensión e aplicación dos conceptos.
- . A utilización correcta dos útiles de debuxo.
- . Análise do proceso seguido na realización dos traballos para conseguir o resultado.
- . A exactitude, orde e limpeza dos exercicios.

Por outra banda, valoraranse os traballos e exercicios propostos a partir do día 13 de marzo de 2020, observando: a capacidade de comprensión e aplicación dos conceptos, a creatividade, a expresión, o uso correcto do material e útiles de debuxo, a limpeza e a presentación dos traballos no prazo establecido.

A valoración sempre será en positivo e tendo en conta a precariedade ou dificultade de acceso á aula virtual por parte dalgún dos alumnos/as, así como a dificultade de comprensión ou interpretación da exposición teórica ou mesmo do traballo a desenrolar debido á non presenza física do profesor.

Instrumentos:

- .Aula virtual do IES Lauro Olmo e correo electrónico
- .Correo electrónico do profesor.
- .Tamén, a través das titorías e da dirección do centro, tratando de implicar a aqueles/as alumnos/as que están inactivos ou que non responden ás comunicación que se lles están a enviar.

Cualificación final

Procedemento para obter a cualificación final de curso:

1º.- O alumnado que ten unha cualificación de 5 ou máis de 5 en cada unha das dúas primeiras avaliacións, ten aprobada a materia.

2º.- O alumnado que, unha vez feita a media entre tódolos traballos propostos na 1ª e na 2ª avaliacións, obteña unha cualificación de 5 ou máis de 5, terá aprobada a materia. (os traballos non entregados terán unha nota igual a "0").

3º.- O alumnado que non esté nalgún dos casos anteriores terá que presentarse á proba de setembro.

4º.- A nota final da avaliación ordinaria de xuño obterase a partir da nota media das dúas primeiras avaliacións, incrementada, de ser o caso, en función dos traballos entregados na 3ª avaliación

Proba extraordinaria de setembro	<p>1º.- Traballos pendentes: o alumno/a que teña traballos pendentes da 1ª ou da 2ª avaliación do curso 2019-2020 deberá presentalos o día do examen de setembro.</p> <p>2º.- Examen: Cada alumno/a presentase ó examen daquelas partes da primeira e/ou da segunda avaliación do curso 2019-2020 que teña suspensas.</p> <p>3º.- Nota: será a nota media obtida entre a media dos traballos propostos na primeira e na segunda avaliación e a nota do examen (50% traballos e 50% examen). Se esta media é igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. (os traballos non entregados terán unha nota igual a "0")</p> <p>. Coa entrega das notas de xuño informarase a cada alumno/a dos traballos pendentes de entregar e das partes de teoría das que tería que realizar o examen de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desde fai unhas dúas semanas tódolos alumnos/as coa plástica de 1º da ESO pendente, teñen unhas traballos propostos que teñan que entregar o día do examen de pendentes. Debido á imposibilidade de realización dese examen, a entrega dos traballos, correctamente realizados, servirá para poder superar a materia. <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A nota media dos traballos presentados será a cualificación da materia pendente <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega a través da aula virtual, correo electrónico ou a través de calquera outro medio, dos traballos propostos no seu día.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>1º Para a recuperación, repaso ou reforzo, o alumnado que non superou unha ou as dúas primeiras avaliacións, ten que entregar os traballos pendentes.</p> <p>2º Con todo o alumnado seguirase ampliando coñecementos, traballando os seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elementos xeométricos fundamentais. - Manexo da escuadra, cartabón e compás. - Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. - Teorema de Tales. - Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. - Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>.- Seguirase a utilizar a aula virtual e o correo electrónico como instrumentos básicos de interacción co alumnado. Tamén se usará a vídeoclase.</p> <ul style="list-style-type: none"> - En caso de que algún alumno/a non teña conectividade faránselle chegar as partes teóricas e os traballos propostos a través das titorías, da dirección do instituto ou mesmo a través da policía local/protección civil.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador particular con conexión a internet, dotado de cámara, micrófono e altavoces. - Aula virtual do IES Lauro Olmo - Plataforma para videoconferencias Webex - Apuntes elaborados expresamente para a aula virtual

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Aula virtual do IES Lauro Olmo, con correos individuais a cada un dos alumnos.- A través da dirección do instituto e das titorías.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">- Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSO: 3º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 02-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer e representar lugares xeométricos e definilos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.1.1. Coñecer e saber representar e traballar os lugares xeométricos básicos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, rectas paralelas, rectas perpendiculares, ángulos, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Clasificar e construír os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.2.1. Clasifica e representa correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares, coñecendo o lado ou o radio/diámetro da circunferencia circunscrita.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Comprender e representar as condicións de tanxencia en distintos casos de tanxencia e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente óvalos ou ovoides dados os eixes maior ou menor
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB3.10.1. Debuxa e ordena correctamente as vistas principais de volumes frecuentes.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Dado que hai alumnos/as que non superaron a materia dun ou dos dous primeiros trimestres xa avaliados, abriuse un espazo na aula virtual para que, ata o 15 de xuño de 2020, poidan entregar os traballos obrigatorios da 1ª e da 2ª avaliacións que non entregaron no seu día. Unha vez entregados, obterase a nota media coa totalidade dos traballos de cada unha das avaliacións. Os criterios de valoración destes traballos serán:

- . A capacidade de comprensión e aplicación dos conceptos.
- . A utilización correcta dos útiles de debuxo.
- . Análise do proceso seguido na realización dos traballos para conseguir o resultado.
- . A exactitude, orde e limpeza dos exercicios.

Por outra banda, valoraranse os traballos e exercicios propostos a partir do día 13 de marzo de 2020, observando: a capacidade de comprensión e aplicación dos conceptos, a creatividade, a expresión, o uso correcto do material e útiles de debuxo, a limpeza e a presentación dos traballos no prazo establecido.

A valoración sempre será en positivo e tendo en conta a precariedade ou dificultade de acceso á aula virtual por parte dalgún dos alumnos/as, así como a dificultade de comprensión ou interpretación da exposición teórica ou mesmo do traballo a desenrolar debido á non presenza física do profesor.

Instrumentos:

- . Aula virtual do IES Lauro Olmo e correo electrónico
- . Videoclase a través da plataforma Webex.
- . Tamén, a través das titorías e da dirección do centro, tratando de implicar a aqueles/as alumnos/as que están inactivos ou que non responden ás comunicacións que se lles están a enviar.

Cualificación final

Procedemento para obter a cualificación final de curso:

- 1º.- O alumnado que ten unha cualificación de 5 ou máis de 5 en cada unha das dúas primeiras avaliacións, ten aprobada a materia.
- 2º.- O alumnado que, unha vez feita a media entre tódolos traballos propostos na 1ª e na 2ª avaliacións, obteña unha cualificación de 5 ou máis de 5, tería aprobada a materia. (os traballos non entregados terán unha nota igual a "0").
- 3º.- O alumnado que non esté nalgún dos casos anteriores terá que presentarse á proba de setembro.
- 4º.- A nota final da avaliación ordinaria de xuño obterase a partir da nota media das dúas primeiras avaliacións, incrementada, de ser o caso, en función dos traballos entregados na 3ª avaliación

Proba extraordinaria de setembro	<p>1º.- Traballos pendentes: o alumno/a que teña traballos pendentes da 1ª ou da 2ª avaliación do curso 2019-2020 deberá presentalos o día do examen de setembro.</p> <p>2º.- Examen: Cada alumno/a presentarse ó examen daquelas partes da primeira e/ou da segunda avaliación do curso 2019-2020 que teña suspensas.</p> <p>3º.- Nota: será a nota media obtida entre a media dos traballos propostos na primeira e na segunda avaliación e a nota do examen (50% traballos e 50% examen). Se esta media é igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. (os traballos non entregados terán unha nota igual a "0")</p> <p>. Coa entrega das notas de xuño informarase a cada alumno/a dos traballos pendentes de entregar e das partes de teoría das que tería que realizar o examen de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desde fai unhas semanas tódolos alumnos/as coa plástica de 3º ESO pendente, teñen unhas traballos propostos que tiñan que entregar o día do examen de pendentes. Debido á imposibilidade de realización dese examen, a entrega dos traballos, correctamente realizados, servirá para poder superar a materia. <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A nota media dos traballos presentados será a cualificación da materia pendente. <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega a través da aula virtual, correo electrónico ou a través de calquera outro medio, dos traballos propostos no seu día.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>1º.- Para a recuperación, repaso ou reforzo, o alumnado que non superou unha ou as dúas primeiras avaliacións, ten que entregar os traballos pendentes.</p> <p>2º.- Con todo o alumnado seguirase ampliando coñecementos, traballando os seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A cor - Materiais e técnicas de debuxo e pintura - A fotografía - O Cine
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>.- Seguirase a utilizar a aula virtual e o correo electrónico como instrumentos básicos de interacción co alumnado. Tamén se usará a vídeoclase.</p> <ul style="list-style-type: none"> - En caso de que algún alumno/a non teña conectividade faránselle chegar as partes teóricas e os traballos propostos a través das titorías, da dirección do instituto ou mesmo a través da policía local/protección civil.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador particular con conexión a internet, dotado de cámara, micrófono e altavoces. - Aula virtual do IES Lauro Olmo - Plataforma para videoconferencias Webex - Apuntes elaborados expresamente para a aula virtual

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Aula virtual do IES Lauro Olmo, con correos individuais a cada un dos alumnos.- A través da dirección do instituto e das titorías.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">- Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSO: 4º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 02-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico: Triángulos, cadriláteros, polígonos regulares. Resolve e analiza a construción de curvas cónicas.
	EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces: tanxencias entre circunferencias, tanxencias entre rectas e circunferencias, enlaces varios, óvalos, ovoides
	EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas
B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
	EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.
	EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas* de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. *(cabaleiras e axonométricas).
	EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais, elixindo o punto de vista máis adecuado.
B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Dado que hai alumnos/as que non superaron a materia dun ou dos dous primeiros trimestres xa avaliados, abriuse un espazo na aula virtual para que, ata o 15 de xuño de 2020, poidan entregar os traballos obrigatorios da 1ª e da 2ª avaliacións que non entregaron no seu día. Unha vez entregados, obterase a nota media coa totalidade dos traballos de cada unha das avaliacións. Os criterios de valoración destes traballos serán:

- . A capacidade de comprensión e aplicación dos conceptos.
- . A utilización correcta dos útiles de debuxo.
- . Análise do proceso seguido na realización dos traballos para conseguir o resultado.
- . A exactitude, orde e limpeza dos exercicios.

Por outra banda, valoraranse os traballos e exercicios propostos a partir do día 13 de marzo de 2020, observando: a capacidade de comprensión e aplicación dos conceptos, a creatividade, a expresión, o uso correcto do material e útiles de debuxo, a limpeza e a presentación dos traballos no prazo establecido.

A valoración sempre será en positivo e tendo en conta a precariedade ou dificultade de acceso á aula virtual por parte dalgún dos alumnos/as, así como a dificultade de comprensión ou interpretación da exposición teórica ou mesmo do traballo a desenrolar debido á non presenza física do profesor.

Instrumentos:

- . Aula virtual do IES Lauro Olmo e correo electrónico
- . Videoclase a través da plataforma Webex.
- . Tamén, a través das titorías e da dirección do centro, tratando de implicar a aqueles/as alumnos/as que están inactivos ou que non responden ás comunicación que se lles están a enviar.

Cualificación final

Procedemento para obter a cualificación final de curso:

1º.- O alumnado que ten unha cualificación de 5 ou máis de 5 en cada unha das dúas primeiras avaliacións, ten aprobada a materia.

2º.- O alumnado que, unha vez feita a media entre tódolos traballos propostos na 1ª e na 2ª avaliacións, obteña unha cualificación de 5 ou máis de 5, terá aprobada a materia. (os traballos non entregados terán unha nota igual a "0").

3º.- O alumnado que non esté nalgún dos casos anteriores terá que presentarse á proba de setembro.

4º.- A nota final da avaliación ordinaria de xuño obterase a partir da nota media das dúas primeiras avaliacións, incrementada, de ser o caso, en función dos traballos entregados na 3ª avaliación

Proba extraordinaria de setembro	<p>1º.- Traballos pendentes: o alumno/a que teña traballos pendentes da 1ª ou da 2ª avaliación do curso 2019-2020 deberá presentalos o día do examen de setembro.</p> <p>2º.- Examen: Cada alumno/a presentase ó examen daquelas partes da primeira e/ou da segunda avaliación do curso 2019-2020 que teña suspensas.</p> <p>3º.- Nota: será a nota media obtida entre a media dos traballos propostos na primeira e na segunda avaliación e a nota do examen (50% traballos e 50% examen). Se esta media é igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. (os traballos non entregados terán unha nota igual a "0")</p> <p>. Coa entrega das notas de xuño informarase a cada alumno/a dos traballos pendentes de entregar e das partes de teoría das que tería que realizar o examen de setembro.</p>
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	- NON HAI ALUMNOS COA PLÁSTICA DE 4º ESO PENDENTE
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>1º Para a recuperación, repaso ou reforzo, o alumnado que non superou unha ou as dúas primeiras avaliacións, ten que entregar os traballos pendentes.</p> <p>2º Con todo o alumnado seguirase ampliando coñecementos, traballando os seguintes contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Leis da composición, uso da cor, texturas. - A linguaxe fotográfica - A linguaxe cinematográfica
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Seguirase a utilizar a aula virtual e o correo electrónico como instrumentos básicos de interacción co alumnado. Tamén se usará a vídeoclase. - En caso de que algún alumno/a non teña conectividade faránselle chegar as partes teóricas e os traballos propostos a través das titorías, da dirección do instituto ou mesmo a través da policía local/protección civil. - En caso de autorizarse o regreso ás aulas, as actividades descritas no apartado anterior tamén se traballarán nelas.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador particular con conexión a internet, dotado de cámara, micrófono e altavoces. - Aula virtual do IES Lauro Olmo - Plataforma para videoconferencias Webex - Apuntes elaborados expresamente para a aula virtual
4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - Aula virtual do IES Lauro Olmo, con correos individuais a cada un dos alumnos. - A través da dirección do instituto e das titorías.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAURO OLMO
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: DEBUXO TÉCNICO
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 02-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.
